MAREA ATLANTICA

PARTICIPACIÓN ELECTORAL DE PERSOAS MIGRANTES

# Se vives na Coruña, vota na Coruña

As eleccións municipais son a oportunidade para que poidas decidir que rumbo debe tomar a túa cidade. **Se es unha persoa migrante, maior de idade e cumpres as condicións para ser votante, rexístrate e exerce o teu dereito.**

## Cada voto conta!

| UNIÓN EUROPEA | PAÍSES CON ACORDO |
|---|---|
| Se xa estás inscrito/a no censo e estás empadroado na Coruña, adiante até o paso 4 | **Bolivia, Cabo Verde, Chile, Colombia, Corea do Sur, Ecuador, Islandia, Noruega, Nova Zelandia, Paraguai, Perú, Reino Unido e Trinidad e Tobago** |

## 1

| **Ter un documento de identidade válido** | **Cumprir os requisitos seguintes** |
|---|---|
| ○ Tarxeta identidade estranxeiro (TIE)<br>○ Documento identidade do teu país de orixe<br>○ Pasaporte | ○ Tarxeta identidade estranxeiro (TIE)<br>○ Autorización de residencia en España<br>○ Ter residido en España polo menos:<br>**3 anos** desde que solicitaches a inscrición no censo se naceches no Reino Unido.<br>**3 anos** desde o día da votación se naceches en Noruega.<br>**5 anos** desde que solicitaches a inscrición no censo se naceches nun dos outros 11 países con acordo. |

## 2

### Estar inscrito/a no padrón municipal

Se xa te inscribiches, pasa ao punto 3.

Pide cita previa no Concello da Coruña e leva de forma presencial a documentación necesaria. A data límite para **empadroarte con dereito a voto é o 15 de xaneiro de 2023.**

Tes dúas opcións para pedir cita previa:

- **En liña** → na web **citaprevia.coruna.gal.** Escolle a data e o lugar onde facelo: María Pita, Centro Ágora ou Fórum Metropolitano.
- **Por teléfono** →No **010** se chamas desde A Coruña ou no **981 184 278** se chamas desde fóra da Coruña.

Documentación

○ **Formulario do padrón de habitantes:** podes pedilo presencialmente ou podes encherlo online [https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/formulario-de-padron-de-habitantes] e rematar o trámite presencialmente.

○ **Documentos de identidade**.

○ **Documentos que acreditan a túa vivenda**:

- Última factura ao teu nome dunha compañía de teléfono fixo, internet fixo, auga, luz ou gas.
- Contrato ao teu nome do teléfono fixo, internet fixo, auga, luz ou gas.
- Contrato de alugueiro en vigor de vivenda ou habitación, ao teu nome. A duración mínima será de seis meses e deberá estar asinado por todas as persoas que figuran no contrato.
- Escritura ou copia simple de propiedade da vivenda, contrato de compravenda ou nota simple do Rexistro da Propiedade.

**Prazo: ata o 15 de xaneiro de 2023**

## 3

### Confirmar que queres votar

**Se recibiches a carta do Instituto Nacional de Estatística (INE) co modelo DFA, pódese facer con CTT ou Cl@ve:**

- **Correo postal**. Enche o impreso DFA e envíao ao enderezo indicado.

  ↓ https://sede.ine.gob.es/ss/Satellite?c=SE-Tramite_C&cid=1259942990670&lang=-gl_GL&p=1254734719739&pagename=Se-deElectronica%2FSELayout

- **Internet,** na sede electrónica do INE, en Trámites > censo electoral. Accede con Cl@ve o coa clave CTT que inclúe a carta.

**Se non recibiches a carta do INE antes do 20 de novembro, tes dúas opcións:**

- **Presencial**, na Oficina do Censo Electoral (OCE), sita na rúa Adelaida Muro, 12, na Coruña.
- **Internet**, na Sede electrónica do INE > trámites > censo electoral.

**Prazo: ata o 30 de xaneiro de 2023**

### Inscríbete no censo electoral

**Se tes a carta do Instituto Nacional de Estatística (INE) co modelo CERE-N e unha clave CTT:**

- **Correo postal**. Enche o impreso CERE-N e envíao ao enderezo indicado.

  ↓ https://sede.ine.gob.es/ss/Satellite?c=SE-Tramite_C&cid=1254735090612&p=1254734719739&pagename=SedeElectronica%2F-SELayout&lang=gl_GL

- **Internet,** na sede electrònica do INE, en Trámites > censo electoral. Accede con Cl@ve o coa clave CTT que inclúe a carta.

**Se non recibiches a carta do INE a principios de decembro ou non incluía a clave CTT:**

Debes asistir presencialmente á Oficina do Censo Electoral (OCE), sita na rúa Adelaida Muro, 12, na Coruña.

**Prazo: ata o 15 de xaneiro de 2023**

## 4

### Comprobar que estás no censo electoral

Se completaches os pasos anteriores nos prazos indicados, deberías recibir unha carta do INE que confirme a túa inscrición.

A partir do 10 de abril poderás consultalo en liña na sede electrónica do INE > trámites > censo electoral.

**FONTE:**
https://www.ine.es/prensa/elecmun23_1.pdf
https://www.ine.es/prensa/elecmun23_cere_ue.pdf